

09 Proxección internacional e mobilidade

De conformidade coas directrices marcadas polo Plano estratéxico, os obxectivos alcanzados no ano 2008 abrangueron ámbitos fundamentais para o fomento da internacionalización da Universidade da Coruña. Para alén de manter as liñas de crecemento da mobilidade de estudantes, profesores e persoal de administración e servizos, adoptáronse unha serie de medidas destinadas a soster e a favorecer a expansión da universidade, sen prexuízo da calidade como criterio básico de actuación.

Así, procedeuse a unha modificación parcial do Regulamento de xestión da mobilidade de estudantes (Consello de Goberno do 3 de abril de 2008) para adaptalo ás normas xerais do Programa de Aprendizaxe Permanente que rixe na actualidade, e ata o ano 2013, os intercambios regrados con Europa. Mais a Universidade adoptou tamén outras medidas salientables como a de recoller no Plano de organización docente a posibilidade de reducións de carga lectiva

para os coordinadores académicos ou por impartir por primeira vez algunha materia en inglés. Por último, dotouse a área de Relacións Internacionais dun órgano colexiado, a Comisión de Relacións Internacionais, entre cuxas funcións inclúese a de desenvolver e propor as liñas de actuación en materia internacional e mais coordinar as actuacións dos diferentes colectivos implicados neste ámbito.

Desde o punto de vista das axudas económicas, destacan as bolsas complementarias da Fundación Banca que ascenderon para este ano a 100.000 €. Estas axudas destináronse principalmente á mobilidade do estudiantado e un 10% a complementar a mobilidade do profesorado.

Convenios internacionais

A Universidade da Coruña formalizou o ano pasado un total de 249 convenios de mobilidade con 40 países.

Alemaña	25
Arxentina	5
Austria	5
Bélxica	7
Brasil	11
Bulgaria	1
Chile	4
Chipre	1
Colombia	1
Cuba	2
Dinamarca	4
Ecuador	2
EE.UU.	2
Eslovaquia	1
Eslovenia	1
Estonia	1
Finlandia	8
Francia	34
Grecia	1
Hungría	4

Irlanda	2
Italia	37
Letonia	1
Liechtenstein	1
Lituania	3
México	9
Noruega	4
Países Baixos	2
Paraguai	1
Perú	1
Polonia	10
Portugal	24
Reino Unido	11
República Checa	4
Romanía	7
Rusia	1
Suecia	3
Suíza	1
Turquía	6
Uruguai	1

Cadro 156 **Convenios internacionais (Erasmus + bilaterais) en 2007-2008**


Programa	Saíntes	Entrantes
ALBAN	0	1
ANUIES-CRUE	2	12
Bilateral	12	51
Erasmus Estudos	350	352
EU Articulation Scheme	2	0
Programa Visitantes	-	13
Leonardo da Vinci	29	-
MAEC-AECI	0	1
Total	395	429
Mobilidade total	824	

Cadro 157 **Fluxo de estudantes en 2007-2008**


Programas europeos

Cómpre salientar o crecemento significativo de intercambios, tanto no profesorado (23 saíntes e 18 entrantes) como no persoal de administración e servizos (un saínte ao abeiro do programa Stella e un entrante).

Merece especial mención o aumento do estudiantado saínte, cuxa mobilidade representa un 30% máis que no curso anterior.



Cadro 158 Evolución da mobilidade.
Erasmus saíntes



Cadro 159 Evolución da mobilidade.
Erasmus entrantes

Programa Erasmus-Mundus

En 2008 púxose en marcha o Máster conxunto Erasmus Mundus en Estudo do Espectáculo Vivo, coordinado pola Universidade Libre de Bruselas e no que participa a Universidade da Coruña, xunto coas universidades de Bruxelas, París, Niza, Franckfurt, Copenhague e Sevilla.

Programa Leonardo da Vinci

No marco do Programa Leonardo da Vinci, a Universidade da Coruña conta con varios proxectos dos que salienta a coordinación do proxecto piloto Aadrural, que rematou con éxito en 2008. Tamén destacan os diferentes programas de prácticas pre-profesionais no ámbito das empresas europeas. O programa de Prácticas Europeas da Universidade da Coruña, cofinanciado pola Diputación da Coruña, permitiu realizar 29 estadías de 14 semanas de duración en empresas de Alemaña, Francia, Italia, Portugal, Reino Unido e República Checa para estudantes da Universidade da Co-

ruña titulados recentemente, procedentes de diversas ramas de coñecemento.

Accións Jean Monnet

Para alén do Polo de Excelencia (un dos dous existentes en España) concedido ao Instituto de Estudos Europeos, a Universidade da Coruña ten consolidada a presenza de proxectos Jean Monnet tanto nas modalidades de cátedras como de módulos e cursos permanentes. En total existen oito (8) novos proxectos.

Erasmus intensivos

Alén disto, cómpre salientar o carácter singular das accións, ás veces únicas no ámbito do sistema universitario galego, desenvolvidas e consolidadas en áreas de interese específico, como é o caso do programa intensivo Iacobus, no que participa a Escola Técnica Superior de Arquitectura, xunto coa Escola de Arquitectura de Clermont-Ferrand e a de Regensburg, e que ten por obxecto a rehabilitación do patrimonio arquitectónico europeo. ◀


Programas e convenios bilaterais

No marco dos programas bilaterais, a mobilidade atinxe, aínda que non só, ao estudantado e céntranse esencialmente nos países de Iberoamérica e Estados Unidos. A Universidade da Coruña participa en programas como o subscrito entre a Asociación Nacional de


Universidades e Instituciones de Educación Superior de México (ANUIES) e a Conferencia de Rectores de Universidades Españolas (CRUE), no programa Alban para a promoción da cooperación en materia de educación superior entre a Unión Europea e Iberoamérica.

Así mesmo, a UDC acolle neste curso 2008-2009 cinco bolseiros da Fundación Carolina, que están a cursar estudos de mestrado (3) e de doutoramento (2), e, oito

bolseiros do Ministerio de Asuntos Exteriores e de Cooperación (MAEC-AECID).



Cadro 160 Evolución da mobilidade de estudantes saíntes por convenios bilaterais



Cadro 161 Evolución da mobilidade de estudantes entrantes por convenios bilaterais

Outros programas

Proxectos de Cooperación Interuniversitaria

A Axencia Española de Cooperación Internacional (AECI) concedeu nove (9) Proxectos de Cooperación Interuniversitaria (PCI) á Universidade da Coruña en distintos ámbitos relacionados coa investigación, a docencia e as redes temáticas con Iberoamérica. Así mesmo, concedeu un proxecto no marco do programa PCI-Mediterráneo con Marrocos. Como consecuencia do conxunto de proxectos concedidos, realizáronse un total de 43 accións de acollida por parte da Universidade da Coruña entre profesores e estudantes.

Programa SICUE

Un total de 109 estudantes da UDC participan no curso 2007-2008 no programa de intercambio SICUE (Sistema de Intercambio entre Centros Universitarios Espa-

Actividades de proxección


Ao abeiro dun convenio asinado entre as tres universidades do sistema universitario galego coa Secretaría Xeral de Emigración, a Universidade da Coruña estivo presente durante unha semana en Newark (EE.UU) para completar unha visita realizada con anterioridade e co obxectivo de dar a coñecer a nosa Universidade nas comunidades galegas no exterior. Así mesmo, ao abeiro dun convenio asinado entre as tres universidades do Sistema Universitario Galego e a Dirección Xeral de Ordenación Universitaria, a UDC estivo presente na I Feira de Posgrao de Bos Aires.

ñoles), co que se permite a mobilidade do alumnado entre universidades españolas.

Universidade	
Alcalá de Henares	3
Alacant	2
Autónoma de Madrid	5
Barcelona	12
Cádiz	9
Cantabria	3
Complutense de Madrid	6
Córdoba	3
Extremadura	2
Girona	2
Granada	9
Illes Balears	2
La Laguna	2
Las Palmas	5
León	3
Málaga	5
Oviedo	1
País Vasco	4
Politécnica de Catalunya	2
Politécnica de Madrid	4
Pontificia de Salamanca	3
Rey Juan Carlos I (Madrid)	1
Salamanca	4
Santiago de Compostela	2
Sevilla	3
Valencia	2
Burgos	1
Almería	1
Autónoma de Barcelona	1
Castilla-La Mancha	1
Internacional de Catalunya	1
Politécnica de Cartagena	2
Politécnica de Valencia	2
Zaragoza	1
Total	109

Cadro 162 Destino do alumnado da UDC acollido ao SICUE en 2008-2009

Mobilidade do profesorado



Cadro 163 Evolución da mobilidade de profesores Erasmus saíntes



Cadro 164 Evolución da mobilidade de profesores Erasmus entrantes


Nome	Universidade de procedencia	N.º de meses
Adina Claudia Dumitru	Universidade de Timisoara (Rumanía)	3 meses
Rodrigo A. Paredes Moraleda	Universidad de Chile	2 meses e 15 días
Andrew Seidel	Universidad de Texas (USA)	1 mes
Rosa Mercado Padín	Universidad de Puerto Rico	15 días
Edgar Possani Espinosa	Instituto Tecnológico Autónomo de México	21 días
Eduardo Ramón Rivas	Universitat de les Illes Balears	16 días
Bruno Raffin	Inria Rhone – Alpes Grenoble (Francia)	24 días
M.ª Mercedes Sánchez Ruiz	Universidad de Murcia	15 días
Eduardo Humeres Allende	Universidade Federal de Sta. Catalina (Brasil)	15 días
Luis Moita	Universidade de Lisboa	15 días
Osni Pinto Guaiano	Universidade Federal de Sao Paulo (Brasil)	1 mes
Liliana M. Villar de Seoane	Universidad de Buenos Aires	1 mes
Pilar Cámara Águila	Universidad Autónoma de Madrid	15 días


Cadro 165 **Profesores visitantes con financiamento da Xunta de Galicia**

Centro de Linguas

O Centro de Linguas da Universidade da Coruña entrou no seu terceiro ano de funcionamento como un instrumento esencial ao servizo da comunidade universitaria e da sociedade en xeral como resposta á demanda, cada vez máis importante, de coñecemento de idiomas, principalmente europeos. Para alén disto, atende as necesidades lingüísticas do

estudantado e do profesorado de intercambio e contribúe mediante cursos específicos á difusión do noso patrimonio lingüístico e cultural entre estudantes e profesores estranxeiros, organizando cursos de galego e español e actividades de formación de estudantes en colaboración co Instituto Cervantes.





Linguas estranxeiras	1.443
Español para estranxeiros	269
Galego para estranxeiros	40
Ensino de segundas linguas	15
Total	1.767

Cadro 168 Número total de estudantes no Centro de Linguas. Curso 2007-2008